

BEB

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “O TEU ESPAZO XUVENIL” PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DESTINADAS A FINANCIAR O EQUIPAMENTO DE LOCAIS DESTINADOS Á MOCIDADE

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG) e, en particular, pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. É dicir, preténdese conseguir o impulso demográfico da provincia, de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenvolvemento social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia como un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.

É por iso que se crea o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que ten entre os seus fins promover a participación e o asociacionismo da xuventude da provincia e garantir as condicións necesarias para que a mocidade poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar do orixe, non só nos concellos de maior poboación, senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras e urbanas.

Constituída a nova Corporación provincial, esta promove, no exercicio das súas competencias, unha nova liña de actuación subvencional para financiar o equipamento das instalacións e locais de titularidade municipal que destinen espazos para uso da mocidade, co fin último de promover o asociacionismo, a creación de consellos locais de xuventude e de programar e deseñar proxectos xuvenís que redunden no beneficio da comunidade.

O procedemento de concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència non competitiva, dado que, debido ao obxecto, á finalidade e á natureza das entidades beneficiarias, é interese da propia convocatoria atender todas as solicitudes que reúnan os requisitos exixidos, de acordo cos criterios de repartición que se determinan no anexo I destas bases.



Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- Promover o impulso do asociacionismo xuvenil, como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- O impulso e a creación dos consellos locais de xuventude, de conformidade co recollido na LXG.

Así mesmo, na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establécese que as administracións locais, no exercicio das súas competencias, rexeranse entre outros principios polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e desenvolvemento de políticas de impulso demográfico.

Nesta liña, esta nova convocatoria de subvencións está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da LRBRL, no que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recóllese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que, baixo este concepto, lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e no R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, así como no establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, a Deputación de Pontevedra promove esta convocatoria de subvencións co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de reto demográfico de menos de 20.000 habitantes, que se relacionan no anexo I, apoio económico, para poder contar con espazos habilitados para o uso da mocidade e dotalos co equipamento que se considere necesario para a súa mellora ou posta en funcionamento, de acordo coas seguintes:



BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e a convocatoria de subvencións, dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para financiar o equipamento das instalacións e locais destinados á mocidade.

Segunda. Réxime xurídico

A xestión da presente convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceira. Contía das axudas

A dotación destinada a esta convocatoria é de cen mil (100.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.789.01, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

As contías destinaranse a gastos de investimento, segundo se establece na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Establécense como contías máximas dispoñibles para cada concello as detalladas no anexo I. Os concellos destinatarios deberán achegar como mínimo un 20 % do custo total da actuación subvencionable.

De existir remanente, este distribuirase de forma proporcional entre todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria e que acrediten que a achega propia ao investimento supera o 30 % do custo total, en caso de concellos de reto demográfico, e o 40 % no resto de concellos.

Cuarta. Concellos destinatarios e requisitos

Serán destinatarios destas subvencións os 51 concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes.

Para poderen beneficiarse destas subvencións deberán cumprir as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria e na normativa xeral de subvencións na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



Ademais, deben estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base oitava.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25ª das Bases de execución do Orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

Quinta. Actuacións subvencionables e exclusións

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por "local destinado á mocidade" aquel que sexa de uso exclusivo para actividades desenvolvidas pola xuventude, ou aqueles destinados a usos compartidos sempre que se acredite o seu uso pola xuventude de xeito continuado ao longo do ano, cunha ocupación mínima de 1 día á semana.

Serán subvencionables os gastos ou custos relacionados a continuación en inmobles de titularidade do concello solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente ou mediante posibilidade de prórroga, por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán subvencionarse ao abeiro desta convocatoria as seguintes actuacións en:

- Adquisición de equipamentos inventariables necesarios para o funcionamento do local destinado ao uso da mocidade: a adquisición de equipamento e mobiliario básico, equipamento de oficina, equipamento informático e equipamento acústico e audiovisual.
- Outro material inventariable que contribúa á mellora das dotacións e equipamentos dos locais para a mocidade.

Non serán subvencionables os gastos de investimento en obra ou reforma, de adquisición de locais, nin gastos correntes de mantemento, tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiros de locais, telefonía e calquera outro de similar natureza.

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.



Sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a:

- Adquirir os equipamentos que fundamente a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control, e facilitar toda a información requirida polos órganos competentes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.
- Difundir o cofinanciamento por parte da Deputación de Pontevedra nos actos, documentación ou publicacións por calquera medio, cartelería ou placas de inauguración que se realicen con motivo da actuación subvencionada, inserindo nun lugar visible o logo da Deputación de Pontevedra coa lenda: "Proxecto subvencionado pola Deputación de Pontevedra".
- O equipamento subvencionable deberá destinarse ao fin para o cal se lle concedeu a subvención durante un período mínimo de dous anos.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- Certificación do Catastro da titularidade do inmovible sobre o que se solicita a subvención.



- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que os concellos beneficiarios se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderáselle solicitar ao concello a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Documentación para presentar

A solicitude, que deberá presentarse no modelo normalizado, irá acompañada da seguinte documentación:

- Documento que acredite o dereito de uso por calquera outro título válido en dereito, de acordo co establecido na base quinta.
- Declaración responsable do órgano competente de cada concello onde se faga constar que o local está destinado ao uso por parte da mocidade.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos estarán dispoñibles na seguinte ligazón: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución que deberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 21.



Décimo segunda. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://dehu.redsara.es/>

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Procedemento

A concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co establecido no artigo 19.2 da LSG.

As entidades destinatarias poderán solicitar como máximo as contías recollidas no anexo I, e deberán achegar como mínimo un 20 % do custo total da actuación subvencionable.

Na repartición prémase aos concellos considerados de reto demográfico, que, para o IDAE e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, son os municipios de ata 5.000 habitantes e os de menos de 20.000 habitantes en que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes, polo que se poden considerar núcleos rurais. Tendo en conta que o despoboamento é un fenómeno que se observa no ámbito local, especialmente en áreas rurais, este grupo de concellos require unha especial atención por parte das administracións públicas, e en particular desta institución.

Os municipios de reto demográfico poden consultarse na ligazón <https://www.idae.es>

Deste xeito, a contía individual da subvención fíxase a través dun rateo proporcional do orzamento dispoñible, destinándolles un importe maior aos concellos clasificados de reto demográfico tal e como se recolle no anexo I desta convocatoria.



Unha vez valoradas todas as solicitudes e revisados os orzamentos de gasto presentados polos concellos, en caso de que haxa remanentes, segundo o establecido na base terceira, este será redistribuído de forma proporcional entre todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos desta convocatoria e que acrediten que a achega propia ao investimento supera o 30 % do custo total, no caso de concellos de reto demográfico, e o 40 % no resto.

Décimo cuarta. Órganos competentes, instrución e resolución

14.1. Órganos competentes:

a) Órgano instructor: o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións será o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

En particular, o órgano instructor recibirá as solicitudes, comprobará os requisitos formais e encargarse de elevar as propostas de resolución, provisionais e definitivas, de analizar as alegacións e os documentos presentados e de realizar cantas outras funcións adicionais se lle asignen.

b) Órgano que resolve: correspóndelle a súa resolución á Xunta de Goberno. O acordo porá fin ao procedemento administrativo.

14.2. Instrución e resolución:

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e elaborará un informe proposta no que se concrete o resultado desta análise.

Logo da fiscalización de todos os expedientes e do informe proposta, Intervención emitirá un informe dirixido ao órgano instructor que elevará a proposta de resolución á Xunta de Goberno da institución provincial, que resolverá a concesión das subvencións obxecto desta convocatoria.



A resolución de outorgamento da subvención comprenderá como mínimo a identificación do concello beneficiario, o orzamento subvencionable, a contía da subvención e as obrigas que lle corresponden como beneficiario, ademais do prazo de execución.

O prazo máximo de resolución do procedemento é de nove meses, de acordo co establecido no artigo 23 da LSG; transcorrido este, a solicitude de concesión da axuda poderá entenderse desestimada por silencio administrativo.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co estipulado nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Décimo quinta. Pagamento e xustificación

Acordarase o recoñecemento da obriga e a orde de pago polo órgano competente unha vez que quede acreditada no expediente a xustificación da subvención concedida, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A xustificación realizarase mediante:

1. **Copia das facturas** ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas, acompañados polo documento de aprobación polo órgano competente, ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal funcionario competente), acreditativa de que os gastos cuxo detalle figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e quedarán a disposición da Deputación para o seu exame, se se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

Os investimentos incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e desagregadas en prezos unitarios.

2. **Conta xustificativa dos gastos** atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.



Indicarase que o resto dos xustificantes das contas encóntranse no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible na ficha de procedemento na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra).

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, os concellos beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do RLXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025.

Décimo sexta. Compatibilidade das axudas e obrigas dos concellos

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son incompatibles coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade outorgadas pola Deputación de Pontevedra e compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada. En caso de superar este límite, deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

De conformidade co previsto nestas bases e segundo o establecido no artigo 1 da LSG, os concellos están obrigados a:

- Destinar o importe das subvencións ao cumprimento da finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.
- Destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de 2 anos.



- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial, segundo o recollido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte desta institución das actuacións subvencionadas; para estes efectos, acreditar a publicidade indicando as accións de comunicación realizadas, as fotografías e demais documentación que consideren necesaria.

Respecto á imaxe institucional, no enderezo <https://www.depo.gal/identidade-corporativa> atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á perda da subvención.

Décimo sétima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que o concello beneficiario declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo novena. Vixencia

Estas bases estarán vixentes do 1 de xaneiro de 2024 ao 28 de febreiro de 2025.



Anexo I. Concellos destinatarios e contías

Núm.	Concello	Clasificación	Importe
1	Agolada	Reto < 5.000	2.100,00 €
2	Arbo	Reto < 5.000	2.100,00 €
3	Baiona		1.500,00 €
4	Barro	Reto-núcleos	2.100,00 €
5	Bueu	Reto-núcleos	2.100,00 €
6	Caldas de Reis	Reto < 5.000	2.100,00 €
7	Cambados		1.500,00 €
8	Campo Lameiro	Reto-núcleos	2.100,00 €
9	Cañiza, A	Reto < 5.000	2.100,00 €
10	Catoira	Reto-núcleos	2.100,00 €
11	Cerdedo-Cotobade	Reto-núcleos	2.100,00 €
12	Covelo	Reto < 5.000	2.100,00 €
13	Crecente	Reto < 5.000	2.100,00 €
14	Cuntis	Reto < 5.000	2.100,00 €
15	Dozón	Reto < 5.000	2.100,00 €
16	Forcarei	Reto < 5.000	2.100,00 €
17	Fornelos de Montes	Reto < 5.000	2.100,00 €
18	Gondomar		1.500,00 €
19	Grove, O		1.500,00 €
20	Guarda, A		1.500,00 €
21	Illa de Arousa, A	Reto < 5.000	2.100,00 €
22	Lama, A	Reto < 5.000	2.100,00 €
23	Meaño	Reto-núcleos	2.100,00 €
24	Meis	Reto < 5.000	2.100,00 €
25	Moaña		1.500,00 €
26	Mondariz	Reto < 5.000	2.100,00 €
27	Mondariz-Balneario	Reto < 5.000	2.100,00 €
28	Moraña	Reto < 5.000	2.100,00 €
29	Mos		1.500,00 €
30	Neves, As	Reto < 5.000	2.100,00 €
31	Nigrán		1.500,00 €
32	Oia	Reto < 5.000	2.100,00 €
33	Pazos de Borbén	Reto < 5.000	2.100,00 €
34	Poio		1.500,00 €
35	Ponte Caldelas	Reto-núcleos	2.100,00 €
36	Pontecesures	Reto < 5.000	2.100,00 €
37	Portas	Reto < 5.000	2.100,00 €
38	Ribadumia	Reto-núcleos	2.100,00 €
39	Rodeiro	Reto < 5.000	2.100,00 €
40	Rosal, O	Reto-núcleos	2.100,00 €



41	Salceda de Caselas	Reto-núcleos	2.100,00 €
42	Salvaterra de Miño	Reto-núcleos	2.100,00 €
43	Sanxenxo	Reto-núcleos	2.100,00 €
44	Silleda	Reto-núcleos	2.100,00 €
45	Soutomaior		1.500,00 €
46	Tomiño	Reto-núcleos	2.100,00 €
47	Tui		1.500,00 €
48	Valga	Reto-núcleos	2.100,00 €
49	Vila de Cruces	Reto-núcleos	2.100,00 €
50	Vilaboa		1.500,00 €
51	Vilanova de Arousa	Reto-núcleos	2.100,00 €

